

OS DEREITOS HUMANOS EN CHINA.

Diante dos sucesos acontecidos nas últimas semanas, en relación ao conflito do Tibet e á represión das forzas de seguridade chinesas contra os manifestantes tibetáns, resulta acaído reflexionar sobre a situación dos dereitos humanos en China. Neste país, os seus cidadáns non teñen liberdade nin para ter fillos nin para manifestarse na defensa dos seus dereitos individuais. China é un réxime dictatorial “permitido”, sen dúbida, debido ao seu grande potencial coma mercado e a súa condición de potencia económica emerxente. Con esta caste de actuacións amósase unha certa hipocresía por parte duns gobernos occidentais, cuxos líderes viaxan alí, dan un respaldo implícito ao réxime chinés e non fan referencia á vulneración sistemática dos dereitos humanos e a represión exercida contra as minorías nacionais e non só cos tibetáns.

Cos pes na terra, fica claro que aos gobernos occidentais están máis interesados no mercado que na defensa dos dereitos humanos duns cidadáns perseguidos por exercer eses dereitos básicos, que tanto valoramos en occidente. Mesmo en ocasións, algún destes gobernos, como é o caso da actual administración norteamericana, mantén situacións fóra da legalidade internacional e do respecto a estes dereitos, coma acontece en Guantánamo.

Emporiso, é preciso transmitir aos cidadáns que estamos contra a dictadura chinesa, contra todas as dictaduras -calesquera a caste que sexan-, e que, en calquera parte do mundo, contarán co noso apoio na defensa da democracia e a liberdade.

Agora, os gobernos occidentais teñen, aproveitando a celebración dos xogos olímpicos, a oportunidade de deixar constancia diante do réxime chinés, da necesidade de respetar os dereitos humanos. Deben facelo con insistencia, distinguindo o principal (as persoas e os seus dereitos) do accesorio (os mercados e os cartos), ao contrario do acontecido na meirande parte dos conflitos a escala planetaria. Xa vai sendo hora de que se utilice a mesma vara para medir e se poña fin a tanta hipocresía.

Rosendo Gonzalo Covelo Roma.

Vice-Secretario Xeral do Partido Nacionalista Galego-Partido Galeguista, forza integrada no BNG.